Enténdese que non procede unha alegación a algo que non está nin aprobado nin publicado. O expediente de contratación e, polo tanto, o prego resultante deberase de axustar de xeito escrupuloso ao esixido na Lei de contratos de Sector Público e de conformidade co establecido no Capítulo V do Título II do Libro II da mesma.

Tanto as ordenanzas como regulamento de réxime interno do CAM de Becerreá xa contempla a protección das prestacións e, polo tanto, das persoas usuarias.

Conclusión:

O modelo de xestión indirecto non implica non ter calidade asistencial, sendo unha das forma de xestión reguladas na normativa sectorial galega e de uso maioritario por parte de administracións locais e autonómica para o servizos de atención residencial e servizos de atención diúrna, entendendo que a Xunta de Galicia non levaría a cabo un tipo de xestión que non garantira a mesma calidade prestacional en todos os centros da súa responsabilidade/titularidade por igual.

En relación a "O pulo necesario para a apertura no menos prazo posible do CAM de Becerreá de cara a dar servizo aos veciños deste municipio e toda a comarca", indicar o seguinte:

A Deputación de Lugo está a facer un gran esforzo na posta en marcha do CAM de Becerreá, pero sen deixar de atender as demais obrigas dentro do marco da legalidade.

A realidade é que a posta en funcionamento dun centro de atención a persoas maiores supón un proceso de elevada complexidade técnica, xurídica e administrativa, que require tempo e rigor normativo. Esta dificultade vese agravada cando quen promove o proxecto é unha administración como a Deputación de Lugo, que non conta con competencias plenas en materia de servizos sociais. Tal circunstancia obriga a artellar solucións innovadoras e adaptadas ás limitacións dunha institución provincial, cuxos medios materiais, humanos e estruturais non son comparables aos dunha administración autonómica.

	IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Fecha y Hora	26/06/2025 14:57:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Página	77/104
			

Malia estas limitacións, a Deputación de Lugo impulsou a posta en marcha dunha rede de centros públicos que inclúe xa nove equipamentos distribuídos polo territorio provincial, nun esforzo decidido por contribuír á atención á dependencia no ámbito local. Este compromiso manteñese vixente, coa previsión de continuar ampliando a rede cun número aínda maior de centros, sempre dentro das posibilidades organizativas, xurídicas, técnicas e financeiras desta administración, a pesar da falta de apoio desde outras institucións e administracións.

Cómpre ter en conta que a dimensión organizativa, os recursos humanos e a capacidade operativa dunha Deputación provincial non son equiparables aos dunha comunidade autónoma, o que implica que a tramitación, deseño e execución de proxectos deste tipo esixa prazos más dilatados e un esforzo organizativo maior. Así e todo, a Deputación está a realizar un importante esforzo para avanzar nun modelo de atención á dependencia que complemente e reforce as actuacións doutras administracións, actuando con responsabilidade institucional e sen invadir competencias alleas.

Conclusión:

A Deputación de Lugo leva a cabo a posta en marcha do CAM de Becerreá adicando todos os recursos disponibles, pero sen esquecer que estes son limados e que ten que dar cobertura aos centros xa abertos, ademais de cumplir os trámites establecidos pola normativa, os cales implican uns prazos administrativos.

En relación a "Que a Deputación Provincial cumpra os compromisos asinados no convenio de dedicar a baixa económica da obra ao equipamento do inmóvel", indicar o seguinte:

O Convenio citado establece que:

"En caso de producirse baixas na licitación, a Deputación Provincial, aplicará os remanentes, por este orde aos seguintes fins:

Primeiro .- Aos custes das direccións facultativas que se precisen, de ser xustificadamente externalizadas, tanto en relación coa demolición da edificación existente, como coa contratación do equipamento do centro de día e residencial comarcal de Becerreá. No caso de non producirse baixas as direccións facultativas nas respectivas licitacións deberán ser asumidas polo persoal do ente provincial.

Segundo.- Ao pagamento de tributos que se liquiden para autorizar a posta en funcionamento e actividade do equipamento residencial.

Terceiro.- A equipar, co mobiliario esixido na normativa aplicable, ao centro día e residencia, nos termos previstos no apartado seguinte (3.1 b)

Así mesmo, o apartado 3.1.b, sinala, entre outros, 1) Equipar o Centro residencial, previa valoración e cuantificación das necesidades, que se levará a cabo unha vez rematas as obras de edificación.

A valoración da equipación levouse a cabo praticamente rematadas as obras de edificación, dentro do marco das acción da posta en marcha. Comprobado a situación do centro, dentro das competencias e medios deste servizo, iniciouse a avaliación

	IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Fecha y Hora	26/06/2025 14:57:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Página	78/104
			

técnica recollida no citado punto 3.1.b.1) do convenio para equipar o centro residencial, previa valoración e cuantificación das necesidades de inversión, constando informe do mesmo co CSV IV7U6YDLIFG37FP7CBGSG5ZAI.

A Memoria recolle que "En relación á equipación do centro, pola experiencia de quen subscreiben, de deseñar e formular os cupos de traballo, protocolos, etc. non se fai do mesmo xeito cando a equipación está feita desde unha perspectiva que desde outra. Por elo, parece prudente en aras de que a posible futura operadora determine, dentro duns parámetros de calidade mínimos establecidos pola Deputación equivalentes aos actuais e novos centros desta entidade local, adquirir a equipación conforme ao seu saber facer." Esto non é contrario ao convenio, xa que a equipación do centro, e establece o convenio, se realizará, previa valoración e cuantificación das necesidades, cuestión que se levou a cabo na redacción da citada Memoria.

Esto non exime de que no futuro a Deputación de Lugo poida, unha vez rematadas todas as inversións/obras, liquidar o convenio como corresponda legalmente.

Conclusión: A Deputación Provincial cumple cos compromisos asinados, no relativo a obra ao equipamento do inmoble, sinalando que esta destinará os remanentes resultantes das baixas da licitación de demolición da antiga edificación e construcción do centro residencial comarcal de Becerreá ás actuacións relativas á dotación de equipamento e mobiliario previstas e establecidas no convenio a aqueles aspectos de inversión non contemplados no proxecto inicial e necesarios, notando que no caso de existir aínda así sobrantes, estes serán tramitados na liquidación do convenio. Esta cuestión non é contraria a levar a cabo a equipación, despois de realizar unha valoración e cuantificación das necesidades técnicas, unha vez rematas as obras de edificación, a equipación do xeito mais conveniente por razóns técnicas, que no caso de aprobarse de xeito definitivo a xestión indirecta, parece que o máis pertinente é que a operadora leve a cabo a equipación para que esta se axuste a seus condicionantes técnico-operativos, tal e como se recolle na Memoria.

DÉCIMO.- En relación ao documento de alegacións presentadas polo Concello de Becerreá, no Registro da Deputación 04.04.2025 co CSV IV7SSPTIDUPM5NNYRVUNIR3E6E, sinalar o seguinte:

"En todo caso, el Ayuntamiento de Becerreá, atendendo a la información a la que sí ha tenido acceso, considera necesario formular alegaciones respecto a la Memoria Social, Jurídica, Técnica y Financiera, mediante las cuales debe denunciar:

(i) Que los términos de Memoria suponen incumplir las obligaciones que la Diputación asumió mediante el Convenio de 19 de diciembre de 2016.

(ii) Que el incumplimiento manifiesto del Convenio que supondría la puesta en marcha de la residencia, en los términos de la Memoria, hace inviable jurídicamente la licitación de un eventual contrato para la gestión indirecta de la residencia y centro de día."

(...)

Polo seguintes motivos :

	IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Fecha y Hora	26/06/2025 14:57:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Página	79/104
			

PRIMERO. Los términos de la Memoria resultan contrarios a las obligaciones que asumió la Diputación en virtud del Convenio. La Diputación está obligada a destinar a la adquisición de mobiliario y equipamiento el importe de la baja de licitación del contrato de obras para la construcción de la residencia. Sin embargo, la Memoria establece que la adquisición de mobiliario y equipamiento correrán a cargo del gestor indirecto del servicio

(...)

SEGUNDO. Imposibilidad de convocar una licitación para la adjudicación de la gestión indirecta del servicio público en las condiciones previstas por la Memoria, dado que dicha licitación supondría incumplir el Convenio y estaría incursa en causa de nulidad.(...)"

En relación a que "La Diputación está obligada a destinar a la adquisición de mobiliario y equipamiento el importe de la baja de licitación del contrato de obras para la construcción de la residencia", indicar o siguiente:

O obxecto do convenio consta recollido na cláusula primeira, na cal indícase que o Convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre o Concello de Becerreá e a Deputación Provincial de Lugo en exercicio das súas competencias para acadar o fin común de Demolición de edificación Antigo Fogar Escola e construcción e xestión dun centro de día e residencial Comarcal en Becerreá, recollendo na mesma cláusula que "Rematada a construcción do centro de día e residencial comarcal en Becerreá, a xestión será responsabilidade da Deputación Provincial, determinándose nese ítem temporal a forma de xestión e prestación de tales servizos sociais, cualificados pola Lei 13/2008, de 3 de decembro, como servizo público (art. 1.1), consonte ao previsto no artigo 85 da Lei de bases de réxime local en relación co artigo 29 da Lei de servizos sociais de Galicia,nos termos previstas nas restantes cláusulas deste convenio.(...)".

Neste senso, e tal e como xa recolle a Memoria na súa páxina 142, "(...) no ano 2016, por petición expresa do propio Concello, renegou de participar na determinación da actividade económica e réxime xurídico, quedando así reflectido no Convenio de colaboración para a execución dos fins comúns consistentes na demolición de edificación antigo fogar escola e construcción e xestión dun centro de día e residencial comarcal de Becerreá (...)".

En aras de levar a cabo a determinación da xestión do CAM de Becerreá, tendo en conta a normativa vixente, o Pleno da Deputación de Lugo en sesión ordinaria realizada o 24.09.2024 deu aprobación á designación dunha Comisión de estudio conforme ao Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, co obxecto de dar trámite a actividade económica e o réxime xurídico conforme á Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local do CAM de Becerreá, como xa se mencionou, así como, na mesma sesión plenaria acordouse iniciar o expediente de aprobación da

	IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Fecha y Hora	26/06/2025 14:57:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Página	80/104
			

actividade económica do centro de atención a persoas maiores de Becerreá, conforme a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

O obxectivo da Memoria é establecer a actividade económica e o réxime xurídico do CAM de Becerreá, para o cal tívose en conta o Convenio citado, engadido no relativo á equipación. Así as obrigas da Deputación recollidas son: financiar, contratar, executar e desenvolver á súa costa, as actuacións obxecto do Convenio, sinaladas na cláusula primeira con medios propios e/ou a través dos procedementos de licitación previstos na da Lei de Contratos do Sector Público; executar os investimentos, obxecto deste convenio e cuantificados economicamente; establecer nos pregos reitores das licitacións para a demolición da edificación existente a para a construcción do equipamento de centro de día e residencia que a entidade adjudicataria asuma o pagamento dos tributos que se liquiden, en lugar da Deputación.

Tamén se indica no citado documento que en caso de producirse baixas na licitación, a Deputación Provincial, aplicará os remanentes, por este orde aos seguintes fins: (...) a equipar, co mobiliario esixido na normativa aplicable, ao centro día e residencia, nos termos previstos no apartado seguinte (3.1 b). Este apartado 3.1.b, establece que se debe :

3.1.b.1) Equipar o Centro residencial, previa valoración e cuantificación das necesidades, que se levará a cabo unha vez rematas as obras de edificación.

3.1.b.2) A posta en funcionamento e xestión do equipamento social (centro de dia e residencial), de acordo cos trámites e procedementos establecidos no ordenamento xurídico e nomeadamente o establecido nos artigos 85 da Lei de bases de réxime local e 29 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, tendo en conta a súa cualificación destes servizos como públicos (art. 1.1)"

Ambos requisitos, entre outros, quedan acreditados na redacción da Memoria relativa aos aspectos sociais, xurídicos, técnicos e financeiros da actividade económica do CAM de Becerreá.

Por outra banda, non se recolle no Convenio ningunha disposición que prohiba o impida de xeito expreso que a Deputación opte por unha concesión de servizos na que se engada o mobiliario.

Entendese que o obxecto do convenio é a construcción e posta en marcha do CAM, se se fora a literalidade do texto, non se tería nunca rematado o CAM de Becerreá xa que o proxecto arquitectónico proporcionado polo Concello e autorizado pola Xunta de Galicia non contemplaba o Centro de Transformación, sen o cal non sería posible contar con suministro eléctrico e, polo tanto, non podería ter actividade. Sen embargo a Deputación de Lugo, levou a cabo tal equipación en aras de cumplir o fin último do Convenio que non é outro que a creación do CAM de Becerreá e posta en marcha da súa actividade social.

Conclusións:

O convenio establece como obxectivo a creación do demolición de edificación antigo fogar escola e construcción e xestión dun centro de día e residencial Comarcal en

	IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Fecha y Hora	26/06/2025 14:57:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Página	81/104
			

Becerreá, recollendo que é a Deputación é responsable de financiar, contratar, executar e desenvolver á súa costa, as actuacións obxecto deste Convenio, sinaladas na cláusula primeira (relativas a demolición da construcción existente e construcción do centro de día e residencial comarcal en Becerreá) e, polo tanto, non se recolle de xeito expreso a equipación.

Tamén asume a obriga de executar os investimentos, obxecto deste convenio e cuantificados economicamente, salientando que o equipamento non constaba nin valorado ni cuantificado de xeito económico.

Se ben é certo que, no texto recóllese que as baixas na licitación, a Deputación Provincial, aplicará os remanentes, a equipar, co mobiliario esixido na normativa aplicable, ao centro día e residencia, nos termos previstos no apartado 3.1.b). Así este apartado sinala que se debe equipar o Centro residencial, previa valoración e cuantificación das necesidades, que se levará a cabo unha vez rematas as obras de edificación, debendo levar a cabo a posta en funcionamento e xestión do equipamento social, de acordo cos trámites e procedementos establecidos no ordenamento xurídico e nomeadamente o establecido nos artigos 85 da Lei de bases de réxime local e 29 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, tendo en conta a súa cualificación destes servizos como públicos.

Así pódese indicar que na redacción da Memoria cumpriuse estritamente o recollido no Convenio, xa que, levouse a cabo unha avaliación da equipación e determinouse na redacción da Memoria, que no caso de dar aprobación á modalidade de xestión indirecta, parece pertinente que fora a adxudicataria a que realizará a equipación da que carece o centro, estando xa estimado no plan de viabilidade.

En todo caso o convenio non consta liquidado, sendo este o momento en que os remanentes resultantes das baixas da licitación de demolición da antiga edificación e construcción do centro residencial comarcal de Becerreá e non utilizados para outros aspectos recollidos no convenio serán tramitados correspondentemente. Cuestión que non é contraria a levar a cabo a equipación, despois de realizar unha valoración e cuantificación das necesidades técnicas, unha vez rematas as obras de edificación, a equipación do xeito mais conveniente por razóns técnicas, que no caso de aprobarse de xeito definitivo a xestión indirecta, parece que o máis pertinente é que a operadora leve a cabo a equipación para que esta se axuste a seus condicionantes técnico-operativos, atl e como se recolle na Memoria.

Por este motivo de asumir a inversión a operadora, e como recollen as alegacións, parece conveniente que se exima do canon da explotación á operadora, xa que o obxectivo da Deputación de Lugo debe ser a máxima calidade prestacional co menos custe para as persoas usuarias. Non obstante a esixencia de canon é licita tal e como se recolle na LCSP, pero non obrigatorio.

En relación a “ Imposibilidad de convocar una licitación para la adjudicación de la gestión indirecta del servicio público en las condiciones previstas por la Memoria, dado

	IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Fecha y Hora	26/06/2025 14:57:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Página	82/104
			

que dicha licitación supondría incumplir el Convenio y estaría incursa en causa de nulidad", sinalar que:

A alegante sinala que concorren motivos suficientes para sostener que unha licitación nos termos recollidos na Memoria sería contraria aos compromisos convencionais adquiridos e, en definitiva, oposta á Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ao vulnerar os principios básicos que deben rexer a preparación e adjudicación dos contratos públicos e ao pretender trasladar un investimento que, segundo o Convenio, correspondía á Deputación.

Neste punto reiterar o sinalado para o apartado anterior, xa que na redacción da Memoria cumpriuse estritamente o recollido no Convenio, xa que, levouse a cabo unha avaliación da equipación e determinouse na redacción da mesma, que no caso de dar aprobación á modalidade de xestión indirecta, parecía pertinente que fora a adjudicataria a que realizara a equipación da que carece o centro, estando xa estimado no plan de viabilidade, cuestión que non é contraria ao Convenio cuxo obxectivo era e é a creación do demolición de edificación antigo fogar escola e construcción e xestión dun centro de día e residencial.

En todo caso a Deputación remitirá o expediente correspondente, previa á licitación, á Oficina Nacional de Avaliación (ONE), órgano colexiado integrado na Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación, cuxa finalidade, entre outras, é a análise da sustentabilidade financeira dos contratos de concesión de servizos de conformidade co disposto no artigo 333 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

En canto o procedemento da licitación a Deputación, como xa recolle na memoria, estarase ao disposto na Lei de Contratos do Sector Público (LCSP). Segundo o artigo 135.5 da citada nos contratos de concesión de servizos especiais do anexo IV a convocatoria de licitación se realizará en todo caso mediante o anuncio de información previa a que se refire a Disposición adicional trixésima sexta, a cal establece que os órganos de contratación que celebren contratos de concesións de servizos especiais do anexo IV utilizarán como medio de convocatoria de licitación un anuncio de información previa que deberá ter o contido establecido no anexo III. B. Sección 3. Estes anuncios publicaranse no «Diario Oficial de la Unión Europea» e no perfil de contratante, garantindo así a súa publicidade e a concorrencia. Tamén se recolle que nos atopamos ante unha concesión de servizos especiais do Anexo IV, e polo tanto, os criterios relacionados coa calidade deberán representar, al menos, o 51 por cento da puntuación a asignar na valoración das ofertas, sen prexuízo do disposto non apartado 2.a) do artigo 146, así como, terase en conta a Disposición adicional cuadragésima séptima da LCSP que recolle os principios aplicables aos contratos de concesión de servizos do Anexo IV.

A Memoria establece que a xestión do servizo realizarase en réxime de libre concorrencia no mercado, atraendo operadores especializados que poden achegar experiencia na xestión de centros de características similares e recursos adicionais, cunha atención máis adaptada ás necesidades do centro, mellorando así a calidade do

	IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Fecha y Hora	26/06/2025 14:57:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Página	83/104
			

servizo, mediante a aplicación de modelos de xestión que permitirán unha maior adaptabilidade ante cambios na demanda de servizos residenciais e atención diúrna facilitando a implementación de novos programas e servizos segundo as necesidades da poboación.

En todo caso salientar que a Memoria xa recolle un estudo dos efectos do centro de atención a maiores sobre a concorrenza empresarial cunha análise do mercado, relativo á oferta e á demanda existente, á rendibilidade e ós posibles efectos na actividade local sobre e na concorrenza empresarial, así como, o establecemento de cláusulas contractuais que garantan a transparencia e o control sobre a calidade do servizo, o incluíndo mecanismos de supervisión e avaliación que aseguren o cumprimento dos estándares establecidos pola Deputación de Lugo.

Conclusión:

Entendese que a Memoria relativa aos aspectos social, xurídico, técnico e financeiro da actividade económica do CAM de Becerreá, na que se propón unha forma de xestión para o Centro de Atención a Pessoas Maiores de Becerreá non incorre en ningunha das causas recollidas no artigo 47 relativas á nulidade de pleno dereito da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, quedando de xeito enmarcada a futura licitación dentro da Lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do sector público e a normativa sectorial en materia de servizos sociais co especial mención na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Tendo en conta o sinalado, a Comisión de Estudio rexeita as alegacións achegadas á Memoria relativa aos aspectos social, xurídico, técnico e financeiro da actividade económica do CAM de Becerreá, salientando que as suxestións achegadas xa constan recollidas na Memoria.”

Con base ao exposto e co obxecto de dar cumprimento na normativa de aplicación e coa finalidade da posta en marcha do centro de atención a persoas maiores de Becerreá, para o que se precisa a aprobar definitiva da actividade económica e do seu réxime xurídico, conforme á Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, PROPOÑO que o Pleno da Deputación Provincial de Lugo, adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións achegadas relativas á Memoria relativa aos aspectos social, xurídico, técnico e financeiro da actividade económica do centro de atención a persoas maiores de Becerreá, na que se recolle: o estudio de viabilidade técnica, económica e financeira; a oportunidade e conveniencia da actividade; e a súa forma de xestión.

	IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Fecha y Hora	26/06/2025 14:57:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Página	84/104
			

SEGUNDO.- Aprobar de xeito definitivo a Memoria relativa aos aspectos social, xurídico, técnico e financeiro da actividade económica do centro de atención a persoas maiores de Becerreá, na que se recolle: o estudio de viabilidade técnica, económica e financeira; a oportunidade e conveniencia da actividade.

TERCEIRO.- Aprobar de xeito definitivo a Ordenanza para o acceso ao servizo de atención residencial e servizo de atención diúrna no centro de atención a persoas maiores de Becerreá e a súa publicación no BOP de Lugo.

CUARTO.- Aprobar, de xeito definitivo, o Regulamento de réxime interno do servizo de atención residencial do centro de atención a persoas maiores de Becerreá e a súa publicación no BOP de Lugo.

QUINTO.- Aprobar, de xeito definitivo, o Regulamento de réxime interno do servizo de atención diúrna do centro de atención a persoas maiores de Becerreá e a súa publicación no BOP de Lugo.

SEXTO.- Aprobar o Régime xurídico do servizo público, asumíndoo como propio da Deputación de Lugo, quedando determinado na memoria aprobada de xeito definitivo o alcance das prestacións en favor das persoas administradas e os aspectos de carácter xurídico, económico e administrativo relativos á prestación do servizo.

SÉTIMO.- Aprobar a realización dos trámites regulados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 22: votos a favor, 10 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o señor Presidente declara rexeitada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250624&punto=3>

4.- PROPOSTA DE ADOPCIÓN DE MEDIDA DO PLAN ECONÓMICO FINANCIERO 2025-2026.

	IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Fecha y Hora	26/06/2025 14:57:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Página	85/104
			

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, a teor do seguinte texto:

“O PEF 2025-2026 foi aprobado definitivamente por Resolución do Secretario Xeral Técnico e do Tesouro da Xunta de Galicia o 11 de xuño de 2025.

Viso o informe de Intervención de 13 de xuño de 2025, sobre a adopción da medida reflectida no PEF para o ano 2025 consistente en:

Acordar a non dispoñibilidade de crédito do previsto inicialmente no orzamento de 2025 na aplicación orzamentaria 9200.121 polo importe de 204.314,99 €.

A competencia corresponde ao Pleno da Deputación segundo o artigo 33 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título Sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en Materia de Orzamentos.

Polo exposto, propone ao Pleno adoptar o seguinte acordo:

Acordar a non dispoñibilidade de crédito do previsto inicialmente no orzamento de 2025 na aplicación orzamentaria 9200.121 polo importe de 204.314,99 €.”

Toma a palabra Sr. Presidente para explicar que a adopción desta medida incluída no Plan ven do incumprimento, a nivel consolidado, da regra de gasto provocado polo incumprimento unicamente do Consorcio de bombeiros pola aprobación do convenio colectivo, xa que a nivel individual a Deputación Provincial de Lugo cumpliu coa regra de gasto.

A Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, por maioría, coa abstención dos señores deputados don José Demetrio Salgueiro Rapa, don Luís Fernández Gutián e don Francisco Javier Balado Teijeiro, membros do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 22: votos a favor, 10 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencíons, 12 (emitidos polos señores deputados do Gurpo Provincial Popular). Polo que o señor Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250624&punto=4>

	IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Fecha y Hora	26/06/2025 14:57:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Página	86/104
			

5.- PROPOSTA DE GOVERNO EN CONTRA DA INXERENCIA POLÍTICA DA XUNTA NOS CENTROS DE ENSINO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

"Logo de ver a proposta de goberno indicada no epígrafe, que di o seguinte:

"A Deputada Provincial Dª. Iria Castro Fernández, na súa condición de voceira do BNG na Deputación de Lugo e a deputada Provincial, Dª Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte proposta de goberno en contra da inxerencia política da Xunta nos Centros de Ensino.

Exposición de motivos:

Con esta Proposta de Goberno queremos denunciar os plans do Goberno da Xunta de Galiza para impoñer unha "mordaza" nos centros de ensino do País, intentando controlar as actividades que se realizan nas aulas baixo unha pretendida "neutralidade ideolóxica".

A actividade docente require dinamismo e capacidade para adaptarse aos cambios que se producen ao longo do curso. Até o de agora nunca supuxo ningún problema esa adaptación e nunca se requiriou que tivese que ser algo excepcional. Só quen vive instalado na burocracia e as ansias de control pode poñer atrancos para que cada centro organice as súas actividades complementarias como mellor considere.

O que pretende a Consellaría é establecer unha coartada para poder denegar calquera actividade que non sexa do seu agrado, ben desautorizándoa xa desde o comezo ou escusándose en que non existen motivos excepcionais para incorporala na Programación Xeral Anual (PXA). O Goberno do PP intenta controlar as actividades que son organizadas dentro dos centros educativos, cunha nova demostración antidemocrática e caciquil que intenta neutralizar as críticas ante as políticas nefastas e prexudiciais que poida levar a cabo o PP para a ciudadanía galega.

Non é casualidade que este anuncio se faga despois de que o alumnado manifeste a súa desconformidade coa imposición de ALTRI ou co xenocidio do pobo palestino ou coa situación do galego no ensino e no País, cuestións nas que o PP no Goberno da Xunta está a facer políticas regresivas e prexudiciais para as galegas e galegos.

Os novos plans da Xunta de Galiza para o vindeiro curso poñen aos centros educativos nunha situación incómoda e basicamente imposible, ao ter que adiantar a comezos de

	IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Fecha y Hora	26/06/2025 14:57:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Página	87/104
			

curso todas as actividades que van realizar durante os trimestres do ano escolar, co único fin de que a administración educativa poida pasar o rodete da censura. Por todo o exposto con anterioridade, o Goberno da Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno do seguinte acordo e dar traslado do mesmo.

1.- Solicitar á Xunta de Galiza a retirada das instrucións para o vindeiro curso, que baixo unha pretendida "neutralidade ideolóxica", o que impoñen é unha mordaza nos centros de ensino do País."

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede."

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 22: votos a favor, 10 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o señor Presidente declara rexeitada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250624&punto=5>

6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA RECLAMANDO Á XUNTA DE GALICIA QUE CUMPRA COS COMPROMISOS ADQUIRIDOS E ASUMA O PERSONAL SANITARIO DAS UNIDADES DE ATENCIÓN Á DROGODEPENDENCIA.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

"Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

"A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista reclamando á Xunta de Galicia que cumpla cos compromisos adquiridos e asuma o persoal sanitario das Unidades de Atención á Drogodependencia.

Un dos valores constantes na acción de governo do PP na Xunta de Galicia é o incumprimento dos acordos firmados, a falla de fidelidade cos compromisos adquiridos. Este tipo de comportamento é sen dúbida consecuente cun partido que

	IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Fecha y Hora	26/06/2025 14:57:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Página	88/104
			

confunde a propaganda ca realidade, e que pensa que facendo moitos anuncios, non fai falla concretalos en obras.

Os incumplimentos son especialmente reiterados no que fai á relación cos concellos. A Xunta mira sempre ós concellos por enriba do ombreiro, coma se non fosen parte integral da organización do Estado, ca mesma dignidade que a administración autonómica. Por iso apenas causa sorpresa que a Xunta teña incumprido, en xuño de 2025, os acordos de 2022 nos que se comprometía a asumir o persoal sanitario das Unidades de Atención á Drogodependencia.

De resultas disto, os concellos nos que se atopan as trece UAD existentes en Galicia – Monforte e Burela no caso de Lugo – vense obrigados a asumir, unha vez máis, unha competencia impropia. E a facelo dende a precariedade á que obriga a costume do Sergas de non cubrir baixas, vacacións ou xubilacións do persoal sanitario.

Este incumplimento xa foi denunciado en abril de 2024 polo alcalde de Monforte, José Tomé, presidente da Deputación Provincial, quen reclamou o cumprimento dos acordos firmados pola Xunta e unha reunión co conselleiro de Sanidade. Un mes despois, a alcaldesa de Burela, reuníuse co presidente da FEGAMP para abordar este mesmo tema, e ambos denunciaron o incumplimento por parte da Xunta do cronograma asinado en 2022.

Desgraciadamente, mentres o PP daba largas no asunto e atrasaba unha vez máis a asunción dunha competencia propia en materia sanitaria, as cifras de consumo de drogas marcaban máximos históricos na nosa comunidade. Hai 14.809 galegos e galegas en tratamiento polo consumo de sustancias aditivas, a cifra máis alta dende 2008. E no que fai á cocaína, o seu consumo duplicouse en apenas dous anos.

Dende o Grupo Socialista non imos deixar de reclamar á Xunta a mellor atención sanitaria pública universal para todos os galegos e galegas. E de esixir que asuma as súas competencias sen sobrecargar as arcas dos concellos con competencias que non lles son propias. Por iso presentamos ante o Pleno da Deputación Provincial de Lugo para o seu debate e aprobación esta Moción para que a Xunta de Galicia:

- Cumpra os acordos asinados en 2022, cubrindo as vacantes existentes e asumindo a totalidade do persoal sanitario das Unidades de Atención á Drogodependencia de Galicia.
- Que avalíe de xeito crítico as cifras que demostran o incremento de consumo de sustancias estupefacientes e de persoas que precisan tratamento e revise as súas estratexias para avanzar na solución deste problema.
- Que escoste as opinións dos expertos e atenda a un enfoque transversal deste problema, atendendo a cuestións como a saúde mental. As cifras de consumo

	IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Fecha y Hora	26/06/2025 14:57:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Página	89/104
			

de anxiolíticos por parte de adolescentes poden apuntar a un novo viveiro de comportamentos aditivos.

- Que revise se é preciso incrementar o número de UAD existentes en Galicia a tenor do incremento anteriormente citado.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 22: votos a favor, 10 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o señor Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250624&punto=6>

7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA RECLAMANDO Á XUNTA DE GALICIA QUE SE SUME Ó ACORDO DE VIVENDA PROPOSTO POLO GOBERNO NA CONFERENCIA DE PRESIDENTES

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista reclamando á Xunta de Galicia que se sume ó acordo de vivenda proposto polo goberno na Conferencia de Presidentes.

O pasado 6 de maio, galegos e galegas de todas as cores políticas contemplamos unha vez más como o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, facía deixadez da súa obriga fundamental de defender os intereses de Galicia. En lugar de asistir á Conferencia de Presidentes Autonómicos a escoitar as propostas do Goberno e doutros homólogos, e presentar as propias, o seu papel limitouse a asistir como espectador ó espectáculo preparado pola presidenta de Madrid, e a repetir nas súas declaracions os argumentarios preparados polo seu partido.

	IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Fecha y Hora	26/06/2025 14:57:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Página	90/104
			

Esta deixadez é especialmente grave no que fai á negativa de Galicia a sumarse ó plan de vivenda proposto polo Goberno. Un plan que prevé mobilizar 7.000 M€ adicionais para a construcción de vivenda, cunha achega dun 60% do Goberno e un 40% das CCAA. Un plan que contempla a blindaxe da condición da vivenda pública como tal de xeito perenne, para evitar que acabe volvendo ó mercado libre e perda a súa función social.

Tendo en conta a gravidade que o acceso á vivenda está a acadar en Galicia, é difícil entender como xustifica o presidente e o executivo galegos a súa negativa. Pode que sexa por desexo expreso de poñer a fidelidade ó partido por diante da defensa dos intereses dos galegos e galegas. Ou pode que sexa por incompetencia, porque a incapacidade de xestión da Xunta lle fai costa arriba asumir unha achega de fondos baseada nunha ratio de reparto favorable.

Como queira que sexa, o PP galego suma feliz a unha estratexia que rexeita que o Goberno aporte entre 4.000 e 4.500M€ adicionais para poñer solución ós problemas de acceso á vivenda. O fai cando este problema se consolida como unha das primeiras preocupacións na nosa comunidade; o fai cando no rexistro de solicitude de vivenda protexida do IGVS hai inscritas unhas 20.000 persoas; o fai logo de case 16 anos nos que o PP reduciu de xeito drástico a construción de vivenda protexida, pasando das 3.000 ó ano que facía o goberno progresista de Touriño ás 500 dos gobernos de Feijoo.

Dende o Grupo Socialista somos plenamente conscientes da gravidade do problema de acceso á vivenda. Un problema para a emancipación dos mozos, para os inmigrantes que chegan a Galicia, para os estudiantes ou as persoas que buscan mobilidade laboral... E non imos tolerar que os intereses partidistas do PP freen o acceso da nosa Comunidade ós fondos adicionais e as medidas propostas polo plan de vivenda do Goberno. Por iso presentamos ante o Pleno da Deputación Provincial de Lugo para o seu debate e aprobación esta Moción para que a Xunta de Galicia:

- Se sume ó Plan de Vivenda presentado polo Goberno na conferencia de presidentes do pasado 6 de xuño.
- Que impulse os plans de construcción de vivenda protexida para recuperar a lo menos as cifras do goberno progresista de Emilio Pérez Touriño.
- Que impulse os plans de rehabilitación para axilizar a chegada de fondos que permitan poñer no mercado de alugueiro vivendas que precisan reformas.
- Que deseñe plans específicos de acceso á vivenda para colectivos específicos como a mocidade, a poboación inmigrante, as familias de rendas baixas ou as persoas que precisan mobilidade laboral”

	IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Fecha y Hora	26/06/2025 14:57:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Página	91/104
			

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede."

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 22: votos a favor, 10 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o señor Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250624&punto=7>

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG PARA SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA AS MEDIDAS URXENTES NECESARIAS PARA GARANTIR O MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E REHABILITACIÓN DO B.I.C. DAS PALLOZAS DE PIORNEDO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que di o seguinte:

"Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG indicada no epígrafe, do seguinte teor:

"A Deputada Provincial, Dª. Iria Castro Fernández, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo (BNG) e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción do Grupo Provincial do BNG para solicitar á Xunta de Galicia as medidas urxentes necesarias para garantir o mantemento, conservación e rehabilitación do B.I.C. das Pallozas de Piornedo

Exposición de motivos:

Dende o grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego en Lugo denunciamos o abandono ao que o goberno do PP ao fronte da Xunta de Galiza está sometendo á veciñanza do BIC das Pallozas de Piornedo.

No ano 2.010 o Partido Popular decidiu suprimir a liña de axudas que o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) adicaba ao mantemento e rehabilitación das pallozas. Isto supuxo un duro golpe para as persoas propietarias destas construcións tradicionais, de orixe celta, e especialmente para as pallozas de Piornedo, declaradas Ben de Interese Cultural.

	IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Fecha y Hora	26/06/2025 14:57:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Página	92/104
			

As características das pallozas especialmente o teito natural con palla de centeo, esixe dun importante traballo de conservación que, alén do máis, resulta cada vez más dificultoso no acceso aos materiais e á man de obra cualificada para o levar a cabo.

Malia as denuncias e sinais de alarma lanzadas pola veciñanza e as persoas propietarias, tras o impacto directo da treboada Herminia na montaña de Lugo o pasado 26 de Xaneiro, o Goberno galego non dispuxo ningún tipo de axuda para levar a cabo os labores de recuperación cada vez más custosas e complexas pola escaseza mesmo de profesionais con coñecementos para levalas a cabo.

Cómpre lembrar que o artigo 2 da Lei 5/2016 de Patrimonio Cultural de Galiza, en relación coas competencias e políticas sectoriais, establece que “corresponde á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva sobre o patrimonio cultural de Galiza”, e sinala pois á a Xunta como máxima responsábel da súa salvagarda e titular exclusiva desta competencia.

Neste senso, desde o Bloque Nacionalista Galego trasladamos unha iniciativa a nivel do Parlamento Galego porque cremos que as actuacións non poden continuar a ser meros parches nin levarse a cabo cando o deterioro está moi avanzado senón que cómptren medidas progresivas que garantan un estado de conservación óptimo ao longo de todo o ano, e que teñan en conta a propia singularidade do cultivo do centeo, a malla, a elaboración dos colmos e as labores da conservación das propias estruturas inventariadas: os muros de pedra, os cangos e ripas de madeira de castaño, a consolidación os teitados da palla, etc...

As pallozas son un ben colectivo, declarado BIC, e polo tanto patrimonio colectivo do pobo galego, polo que a Xunta de Galiza é responsábel da súa conservación. O estado dunha gran parte do patrimonio material da Montaña de Lugo é semellante ao caso de Piornedo.

O mantemento destas construcións supón un gasto inasumible para moitas das persoas que viven na zona, o que conleva que algúns propietarios opten por cubrir a superficie do teito con chapas metálicas. Senón se aplican medidas de intervención pública, este patrimonio de todo o pobo galego ten o futuro marcado cara á desaparición, por mor do seu contexto social e económico do territorio.

Dende a área de Rural da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, levamos 2 anos desenvolvendo programas de apoio directo á veciñanza propietaria das pallozas no marco acompañamento e desenvolvemento do tecido asociativo do noso rural, asumindo competencias improprias, para poñer freo a esta sangría e tratar cando

	IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Fecha y Hora	26/06/2025 14:57:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Página	93/104
			

menos de asegurar unhas labores mínimas de mantemento anual, sufragando os custes do cultivo de cereal e do posterior reteitado.

Por todo isto, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

1.- Instar á Xunta de Galiza a sumarse a unha mesa de diálogo coas persoas propietarias e con outras administracións, nomeadamente coa Deputación Provincial de Lugo e o concello de Cervantes, co obxectivo de elaborar un plan de actuacións urxentes nas que priorizar tanto os investimentos como as medidas máis necesarias.

2.- Demandar da Xunta de Galiza a recuperación, con carácter anual, da liña de axudas dirixida á conservación, mantemento e rehabilitación das pallozas de Piornedo.

3.- Solicitar á Xunta de Galiza a implantación dunha serie de liñas estratégicas dirixidas á recuperación de terras de cultivo abandonadas a través da baremación deste criterio de selección nas ordes de axudas directas que contempla o PEPAC.

4.- Solicitar á Xunta de Galiza a implantación dunha serie de medidas prioritarias encamiñadas á valorización do centeo como produto primario prioritario.

5.- Solicitar á Xunta de Galiza da programación e fomento de plans de formación orientados á recuperación dos labores tradicionais de elaboración dos colmos e teito das pallozas, así como de elaboración de produtos derivados do propio centeo, concxuntamente coa contratación de persoal conservador do patrimonio inventariado no BIC de Piornedo para que poidan desenvolver o seu traballo de mantemento cun marcado carácter estratégico a medio e longo prazo."

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede."

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 22: votos a favor, 10 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencíons, 12 (correspondentes ós señores deputados do Gurpo Provincial Popular). Polo que o señor Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250624&punto=8>

	IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Fecha y Hora	26/06/2025 14:57:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Página	94/104
			

9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA INSTAR AO GOBIERNO DE ESPAÑA A ADOPTAR UNHA SERIE DE MEDIDAS ANTE A DESESTIMACIÓN DO RECURSO CONTRA O VETO Á PESCA DE FONDO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, a teor do seguinte texto.

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial Popular para instar ao Goberno de España a adoptar unha serie de medidas ante a desestimación do recurso contra o voto á pesca de fondo.

Exposición de Motivos

A recente sentenza do Tribunal Xeral da Unión Europea (TXUE) na que desestima o recurso interposto pola Organización de Produtores Pesqueiros de Burela e 16 compañías armadoras de buques afectados polo voto á pesca de fondo, supón unha mala nova para o sector pesqueiro galego e, especialmente para a frota lucense, a máis afectada pola imposición destas vedas.

O comisario europeo ultraecologista promoveu no ano 2022 un regulamento moi restritivo baseado na posible existencia de ecosistemas mariños vulnerables en 87 zonas do Atlántico Nororiental que deste xeito quedaban vedadas á frota. Todo iso, sen ter a debida consideración sobre o impacto económico e social desta decisión que afecta a máis do 25% da frota galega: 200 embarcacións de xeito directo e 946 de artes menores de forma indirecta.

Desde o primeiro momento o Goberno galego actuou no obxectivo de reverter esta decisión e en apoio ás demandas das entidades do sector afectadas. De feito, a Xunta de Galicia participou neste procedemento xudicial en calidade de coadxuvante da parte demandante, no que achegou información relevante respecto a que a actividade pesqueira da frota de palangre non causaba efectos adversos significativos neses espazos.

Hoxe máis que nunca resulta preciso mudar as políticas pesqueiras desenvolvidas no anterior mandato comunitario e apostar por un maior equilibrio entre os factores ambientais, económicos e sociais que permita garantir a sostibilidade e futuro da pesca. Cómpre non esquecer que estamos a falar dunha actividade extractiva

	IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Fecha y Hora	26/06/2025 14:57:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Página	95/104
			

estratéxica para Galicia e o conxunto do continente dado a súa crucial contribución á hora de garantir a soberanía alimentaria.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Deputación de Lugo insta ao equipo de goberno provincial a dirixirse ao Goberno de España e trasladarlle as seguintes demandas:

1.- Interpoñer un recurso de casación diante do Tribunal de Xustiza da Unión Europea ante a decisión de desestimar as demandas de anulación da normativa comunitaria que impón 87 vedas á pesca de fondo en zonas do Atlántico Nororiental.

2.- Achegue a información científica recompilada desde o ano 2022 para descartar ou confirmar a existencia de ecosistemas mariños vulnerables nas 87 áreas vedadas e o impacto que a actividade pesqueira da frota causa nestes espazos.

3.- Desenvolva cantas accións sexan precisas, diante das autoridades comunitarias, en apoio ás demandas das entidades do sector afectadas, apostando por unha nova regulación que estableza un maior equilibrio entre os factores ambientais, económicos e sociais e permita garantir a sostibilidade e futuro da pesca de fondo.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do Sr. Presidente D. José Tomé Roca, e dos/as señores/as deputados/as Dª. María del Pilar García Porto, D. Pablo Rivera Capón, e D. Francisco Cajoto Caserío, representantes do Grupo Provincial Socialista, e da señora Deputada dona Iria Castro Fernández, representante do Grupo Provincial do BNG, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede.”

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial do BNG, preséntase unha emenda de engádega, do seguinte teor:

“Exposición de Motivos:

Consideramos necesario que na presente moción presentada polo grupo provincial popular se engada o seguinte texto:

Demandar do Goberno de España a articulación de medidas compensatorias para a frota afectada pola prohibición das artes de fondo en 87 zonas do Atlántico Nororiental, nas que a propia Xunta de Galicia colaborará, así como a activación inmediata dos fondos correspondentes para levalas a cabo”.

	IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Fecha y Hora	26/06/2025 14:57:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Página	96/104
			

Por parte do Grupo propoñente da moción acéptase a emenda presentada, quedando redactada a moción presentada do seguinte xeito:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial Popular para instar ao Goberno de España a adoptar unha serie de medidas ante a desestimación do recurso contra o voto á pesca de fondo.

Exposición de Motivos

A recente sentenza do Tribunal Xeral da Unión Europea (TXUE) na que desestima o recurso interposto pola Organización de Produtores Pesqueiros de Burela e 16 compañías armadoras de buques afectados polo voto á pesca de fondo, supón unha mala nova para o sector pesqueiro galego e, especialmente para a frota lucense, a máis afectada pola imposición destas vedas.

O comisario europeo ultraecologista promoveu no ano 2022 un regulamento moi restritivo baseado na posible existencia de ecosistemas mariños vulnerables en 87 zonas do Atlántico Nororiental que deste xeito quedaban vedadas á frota. Todo iso, sen ter a debida consideración sobre o impacto económico e social desta decisión que afecta a máis do 25% da frota galega: 200 embarcacións de xeito directo e 946 de artes menores de forma indirecta.

Desde o primeiro momento o Goberno galego actuou no obxectivo de reverter esta decisión e en apoio ás demandas das entidades do sector afectadas. De feito, a Xunta de Galicia participou neste procedemento xudicial en calidade de coadxuvante da parte demandante, no que achegou información relevante respecto a que a actividade pesqueira da frota de palangre non causaba efectos adversos significativos neses espazos.

Hoxe máis que nunca resulta preciso mudar as políticas pesqueiras desenvolvidas no anterior mandato comunitario e apostar por un maior equilibrio entre os factores ambientais, económicos e sociais que permita garantir a sostibilidade e futuro da pesca. Cómpre non esquecer que estamos a falar dunha actividade extractiva estratégica para Galicia e o conxunto do continente dado a súa crucial contribución á hora de garantir a soberanía alimentaria.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

	IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Fecha y Hora	26/06/2025 14:57:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Página	97/104
			

O Pleno da Deputación de Lugo insta ao equipo de goberno provincial a dirixirse ao Goberno de España e trasladarlle as seguintes demandas:

- 1.- Interpoñer un recurso de casación diante do Tribunal de Xustiza da Unión Europea ante a decisión de desestimar as demandas de anulación da normativa comunitaria que impón 87 vedas á pesca de fondo en zonas do Atlántico Nororiental.
- 2.- Achegue a información científica recompilada desde o ano 2022 para descartar ou confirmar a existencia de ecosistemas mariños vulnerables nas 87 áreas vedadas e o impacto que a actividade pesqueira da frota causa nestes espazos.
- 3.- Desenvolva cantas accións sexan precisas, diante das autoridades comunitarias, en apoio ás demandas das entidades do sector afectadas, apostando por unha nova regulación que estableza un maior equilibrio entre os factores ambientais, económicos e sociais e permita garantir a sostibilidade e futuro da pesca de fondo.”
- 4.- Demandar do Goberno de España a articulación de medidas compensatorias para a frota afectada pola prohibición das artes de fondo en 87 zonas do Atlántico Nororiental, nas que a propia Xunta de Galicia colaborará, así como a activación inmediata dos fondos correspondentes para levalas a cabo”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á moción anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250624&punto=9>

10.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA ESIXIR AO GOBERNO DE ESPAÑA UNHA CONEXIÓN FERROVIARIA PARA LUGO EN IGUALDADE DE CONDICIONES QUE O RESTO DE CAPITAIS E PROVINCIAS DO ENTORNO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, a teor do seguinte texto.

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular indicada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial Popular para esixir ao Goberno de España unha conexión ferroviaria para Lugo en igualdade de condicóns que o resto de capitais e provincias do entorno.

	IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Fecha y Hora	26/06/2025 14:57:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Página	98/104
			

Exposición de Motivos

A provincia e a cidade de Lugo seguen perdendo servizos ferroviarios e aumentando a súa posición de desvantaxe respecto doutros territorios. As decisións do Goberno de España e de empresas públicas directamente dependentes do Ministerio de Transportes como Renfe ou Adif, fan que Lugo sufra novos agravios. Así por exemplo, é a única capital galega que queda á marxe da alta velocidade, unha decisión que non só impide a conexión co resto de Galicia e de España en tempos competitivos senón tamén a imposibilidade de acceso a descontos que benefician a outras partes de Galicia, como os bonos de 9 euros anunciados este verán para trens Avlo e Ave, porque Lugo carece destes servizos. Se a todo isto lle engadimos o feito de que o alto esforzo investidor na mellora das vías que cruzan a provincia non garante tecnicamente a circulación dos trens de alta velocidad, entre outras razóns pola negativa para recuperar as variantes ferroviarias de Os Peares-Canabal e Rubián, suprimidas polo Goberno que preside Pedro Sánchez, temos o caldo de cultivo ideal para condenar a esta provincia ao illamento ferroviario, a que non poida fixar industria, nin poboación e a perder oportunidades de futuro.

A realidade é que Lugo non só está excluída da alta velocidad ferroviaria senón que ademais moitos dos traxectos actualmente operativos na rede convencional se cobren en bus, ben sexa polo atraso das obras nos distintos tramos ou, noutras moitas ocasións, polas frecuentes avarías ou a falta de persoal ferroviario que mantén o servizo nunha situación de precariedade inaceptable. Mentre no conxunto de España e de Galicia a demanda do transporte ferroviario aumentou considerablemente, pola mellora dalgúns servizos e os descontos, e a incorporación de trens más rápidos, en Lugo seguimos conformándonos cun tren con peor servizo que no século XX como consecuencia da perda de tecnoloxías más modernas, ou sufrindo menos frecuencias e conexións.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Deputación de Lugo insta ao Goberno de España a:

- Presentar, nun período máximo de tres meses, unha planificación completa e detallada que inclúa as obras, investimentos e prazos que garantan:
 - A conexión ferroviaria de Lugo en igualdade de condicións que o resto de capitais e provincias galegas e do entorno.
 - Que na rede ferroviaria da provincia de Lugo poidan circular trens AVE, en condicións de igualdade que no resto das capitais galegas, e que tanto a cidade

	IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Fecha y Hora	26/06/2025 14:57:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Página	99/104
			

como a súa provincia non queden á marxe da rede de alta velocidade ferroviaria, e das vantaxes asociadas a esta tecnoloxía, como son a redución de tempos de viaxe, maior conectividade, beneficios económicos e ambientais, así como un impacto positivo no turismo, o urbanismo, e na capacidade de asentar poboación e atraer novas oportunidades industriais e empresariais propias dos territorios mellor conectados; para o que é imprescindible a execución das variantes de Os Peares – Canabal e de Rubián.

- Garantir que se leve a cabo a conexión ferroviaria entre Lugo e Santiago e reforzar e mellorar a xa existente con A Coruña e o resto de Galicia así como mellorar as condicións e o servizo das demais vías na provincia.
- Incrementar a oferta de horarios e percorridos para garantir a conexión de Lugo co resto do territorio.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioria, coa abstención do Sr. Presidente D. José Tomé Roca, e dos/as señores/as deputados/as Dª. María del Pilar García Porto, D. Pablo Rivera Capón, e D. Francisco Cajoto Caserío, representantes do Grupo Provincial Socialista, e da señora Deputada dona Iria Castro Fernández, representante do Grupo Provincial do BNG, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede.”

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial do BNG preséntase unha emenda de engádega, do seguinte teor:

“Emenda de engádega dun novo punto de acordo:

O Pleno da Deputación de Lugo insta ó goberno da Xunta de Galiza a pedir o traspaso das competencias en materia ferroviaria, para xestionar unha verdadeira rede de infraestruturas ferroviarias no interior de Galiza, para crear un auténtico servizo ferroviario de proximidade e para mellorar as conexións coa alta velocidade”.

A emenda é rexeitada polo Grupo propoñente da moción.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 22: votos a favor, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 7 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista); abstencións, 3 (correspondentes ós/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do BNG). Polo que o señor Presidente declara aprobada por maioria a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250624&punto=10>

	IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Fecha y Hora	26/06/2025 14:57:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Página	100/104
			

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

11.- DACIÓN DE CONTA DOS ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO RELATIVOS Á MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025, POLO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

Aos efectos do previsto nas bases do Plan Deputación 2025, en relación coa modificación/substitución de investimentos, no que se sinala na base 14 "... no caso de substitución do investimento, esta será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto xunto con informe que indique o motivo da substitución e desglose do seu financiamento e someterase á aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria...." dáse conta ao Pleno do acordo adoptado pola Xunta de Goberno de data 16/05/2025 en relación co escrito presentado pola Alcaldía do Concello de Monforte de Lemos, solicitando a substitución/modificación dun investimento incluído inicialmente no Plan Deputación 2025, do que se adxunta certificación do amentado acordo, sen afectar á achega total que efectúa a Deputación.

O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250624&punto=11>

12.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

Dáse conta das Resoluciónns da Presidencia ditadas dende o día un ao trinta e un de abril de dous mil vinte e cinco, que figuran inscritas no Libro de Resoluciónns numeradas dende o 2249 ao 2990 .

O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250624&punto=12>

13.- COMUNICACIÓNNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250624&punto=13>

14.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

	IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Fecha y Hora	26/06/2025 14:57:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Página	101/104
			

O Presidente manifesta que foron presentados dous Rogos e dúas Preguntas por parte do Grupo Provincial Popular, que se tratarán a continuación:

R O G O S

Primeiro.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo ó arranxo da vía provincial LU-P-6405 o seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

O goberno provincial comprometérase en anteriores mandatos a aglomerar os accesos ás praias da Mariña; pero un treito de 1,3 km (dende o p.k. 3,500 ao p.k. 4,800) da vía provincial LU-P-6405 que dá acceso á praia de Xilloi, unha das máis visitadas da Mariña, quedou sen executar e a día de hoxe non dispón de firme en aglomerado.

Este Grupo Provincial xa ten trasladado esta situación ao Pleno desta institución facéndose eco dun acordo unánime do Pleno do Concello do Vicedo en novembro do 2020 para solicitar á Deputación de Lugo que acometera a actuación pendente o antes posible.

Recentemente, o pasado mes de maio deste ano 2025, a alcaldía volvía presentar unha proposta que contou de novo co apoio de tódolos grupos políticos do Concello do Vicedo para solicitar o arranxo deste treito á institución provincial, titular da vía.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno da Deputación de Lugo que:

Execute o antes posible o arranxo en aglomerado do treito da vía provincial LU-P-6405 que vai dende Vilasuso ata a LU-862 entre os p.k. 3,500 e p.k. 4,800 dando cumprimento ao acordo plenario adoptado o 28 de maio de 2025 no pleno do Concello do Vicedo.”

Segundo.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, en relación coa corrección de deficiencias no firme das estradas do municipio de Muras, que textualmente di o seguinte:

	IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Fecha y Hora	26/06/2025 14:57:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Página	102/104
			

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

Máis de 170 veciños e veciñas de Muras, 1 de cada 3, teñen asinado unha reclamación dirixida á Deputación de Lugo solicitando que acometa de forma urxente a reparación do pavimento de varias estradas de titularidade provincial, que se mellore a sinalización e o seu mantemento e se programen debidamente os traballos de limpeza das marxes.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:
Atenda a reclamación dos veciños e veciñas adoptando as medidas oportunas para corrixir das deficiencias no firme das estradas, mellore a sinalización e o mantemento periódico das vías provinciais ao seu paso polo municipio de Muras.”

P R E G U N T A S

Primeira.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa á construción de vivendas no entorno do Rato, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

O goberno provincial de PSOE e BNG segue dando pasos para impulsar a edificación no entorno do paseo do Rato ao encargar e a abonar xa un importe de 12.100 € pola realización do Plan Parcial para o desenvolvemento urbanístico da zona, un expediente que levaba 18 anos paralizado e que agora o goberno de José Tomé decidiu reactivar.

Recentemente o alcalde de Lugo e deputado do goberno provincial vén de pronunciarse en contra da construcción de vivendas neste entorno. É dicir, vén de pronunciarse en contra dunha decisión do goberno do que el mesmo forma parte.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

O goberno provincial da Deputación de Lugo continuará impulsando a construcción de vivendas no entorno do Rato sen presentar o proxecto publicamente e acadar o consenso dos veciños e en contra das declaración públicas do Alcalde de Lugo e Deputado Provincial D. Miguel Fernández”

	IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Fecha y Hora	26/06/2025 14:57:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Página	103/104
			

Segunda.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa ó arranxo da estrada provincial LU-P-1201, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

O asfalto da vía provincial LU-P-1201 ao seu paso por Castroverde derrétese co efecto da calor, unha situación da que xa advertímos o pasado verán, poucos días despois de ser renovado o firme.

O derretemento provoca, por un lado, que os usuarios da vía, tanto vehículos coma peóns, se queden pegados ao asfalto e, polo outro, que se vaia desfacendo o firme que co paso do tempo dará lugar á creación de novas fochancas.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

Que actuacións ten previsto o goberno provincial para corrixir as deficiencias da estrada provincial LU-P-1201 ao seu paso por Castroverde derivadas do derretemento do asfalto coa calor”

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250624&punto=14>

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

	IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Fecha y Hora	26/06/2025 14:57:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7TVWS2HAVIL2VTYR4UAJASG4	Página	104/104
			